



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

NOTIFICACIÓN-PUBLICACIÓN

Pola presente notifícolle que a alcaldía-presidencia, con data 16-08-2023 , ditou o Decreto nº 574/2023 , que deseguido se transcribe literalmente:

<< *Descrición decreto: **CONTRATACIÓN AUXILIAR DE BIBLIOTECA (PEL 2023)***

DON XESÚS XOÁN CARRIL RAMOS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Datos del Expediente:

<i>Nº Expediente:</i>	2023/E001/000003
<i>Fecha expediente:</i>	23/06/2023
<i>Objeto:</i>	Convocatoria selección persoal PEL 2023

Vista acta do tribunal que consta no expediente de data 07/08/2023 publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal na mesma data.

“ACTA 2 DO TRIBUNAL PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARZÚA (Auxiliar Biblioteca).

Reunidos ás 9:15 horas en data 7/08/2023 na Secretaria do Concello os membros do Tribunal de selección do proceso de selección para contratación de persoal laboral temporal programa de integración laboral da Deputación Provincial de A Coruña para execución de obras e servizos mínimos municipais (auxiliar de biblioteca) segundo bases de selección aprobadas por decreto do Alcalde nº 462/2023, de data 26/06/2023 publicadas no BOP nº 124 de data 30 de xuño de 2023.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Nomeados e convocados a esta sesión por decreto do Alcalde nº 537/2023, de data 28/07/2023 (publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal), aprobando a lista definitiva e fixando a data de constitución e realización da proba de oposición os membros do Tribunal cualificador:

Estando presentes :

Presidente:

Titular:Ramón Torreiro González Bibliotecario do Concello de Arzúa

Vogais:

Titular: Mercedes Costoya Cortés Técnica Biblioteca do Concello de Vilansantar.

Titular: Santiago Eiris Pombo Técnico Biblioteca do Concello de Ames (telemáticamente)

Titular María José Lage Vázquez Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Arzúa

Secretaria:

Titular: D^a. Rebeca Vázquez Vázquez (secretaria do concello de Arzúa)

Polo Presidente apertúrase a sesión , asistindo para o primeiro punto da orde do día IDENTIFICACIÓN PROBAS OPOSICIÓN TIPO TEST o aspirante Miguel Angel Mateos Carreira.

Pola Secretaría apertúranse as probas de oposición anonimizadas correspondendo os códigos das probas os seguintes aspirantes coas seguintes puntuacións provisionais :

1 00 J Miguel Angel Mateos Carreira ***1720** / 6 PUNTOS

1 00 I Borja Arias Mas ***5617**/ 6,8 PUNTOS

1 00 D Lucía Carreira Pazos ***9190**/ 5,6 PUNTOS

1 00 E José Javier Fuentes Rial ***6014** 6 PUNTOS

1 00 A Lara Francisca Portoles Argüelles ***6632** 6,8 PUNTOS

1 00 F Patricia Merino Mouriño ***7967** 7,2 PUNTOS



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

A continuación (saíndo o aspirante presentado para poder comprobar que as probas estaban anonimizadas)

Pola Secretaria dase conta das seguintes alegacións:

1.- Alegación de Borja Arias Mas

En relación coas notas provisionais publicadas a día 2 de agosto de 2023 no exame de Auxiliar de Biblioteca para o Concello de Arzúa quero reclamar a miña nota. Segundo as respostas anotadas no exame que nos deron e que pasei á plantilla que entregamos teño 18 preguntas ben e 2 preguntas mal, que son a número 1 e a número 8. Tendo en conta que cada pregunta suma 0,4 puntos e que as mal respondidas non restan, a miña nota debería ser dun 7,2 sobre 8 e non dun 6,8 como aparece na lista provisional. No caso de ter algunha mal a maiores das indicadas, solicito que se me especifique cal sería

Por unanimidade os membros do Tribunal estiman dita alegación por erro no recuento de respostas correctas sendo efectivamente correctas 18 e mal contestadas 2 polo que a súa nota do exame de oposición pasa a rectificarse a 7,2.

2.- Alegación de Borja Arias Mas

Que téndose celebrado o exame para a praza de auxiliar de biblioteca polo programa PEL concellos no Concello de Arzúa no día 2 de agosto, sendo o interesado un dos examinados e considerando que hai 2 preguntas con respostas erróneas, procede a expoñer os seus argumentos para a anulación destas preguntas e que se dean por válidas as 2 primeiras das de reserva. -Na pregunta 8 o enunciado está exposto dun xeito confuso, non quedando claro se a data pola que se pregunta é a da Reunión Internacional de Expertos en Catalogación (celebrada en Copenhague en 1969) ou pola publicación da primeira edición das ISBD (en 1971). No enunciado dí textualmente: "Como resultado da reunión Internacional de Expertos en Catalogación, en Copenhague publícase a primeira edición das (ISBD) no ano:", pero non hai constancia de que as ISBD se publicasen en Copenhague no 1971, si da reunión de 1969. -Na pregunta 17 pregúntase polos números de rexistro necesarios para 2 copias dunha enciclopedia en 3 volumes. Segundo a doctora en Ciencias da Comunicación Pilar del Campo Puerta, para cada exemplar dun mesmo documento asígnase un número de rexistro para cada exemplar, e cando un documento conta con varios volumes cada volume precisa dun número de rexistro a cada volume físico, polo que nos daría un total de 6 números de rexistro como resposta, pero non aparece entre as posibles.

Por unanimidade os membros do Tribunal desestiman dita alegación xa que segundo o criterio do tribunal calificador é evidente que na pregunta non se pide o lugar d publicación das ISBD nin a data da reunión de Copenhague pídesse a data de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

publicación da primeira edición das ISBD. Entre as posibles respostas aparece 1971 que sería a correcta.

Tamén se desestima a alegación á pregunta 17 motivando dita desestimación en que no temario xeral de auxiliar de arquivos e bibliotecas de 2016 Inmaculada Muñoz Martínez Servicios centrais da biblioteca da Universidade de Sevilla , José Antonio Barrera Gómez – Responsable da Biblioteca de Area de Ciencias da educación da universidade de Sevilla no Tema 10 apartado 4 sinala “ aunque en la práctica suelen producirse pequenas divergencias, deben asignarse números distintos para los duplicados de una misma obra , mientras que para una obra formada por varios volúmenes, todos deben llevar el mismo número de registro”.

Procedese a valoración dos méritos do concurso empezando este punto da orde do día cunha lectura da base 9.2.2 de Fase de Concurso 2 puntos que sinala:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas : 0,50 por cada programa ata un máximo de 2 puntos.

A acreditación deste mérito deberá efectuarse mediante certificación expedida pola Administración pública que corresponda.

Os membros do Tribunal procedendo a valoración dos méritos de concurso e cualificación final con proposta de contratación e formación de bolsa ó Alcalde e ACORDOU :

UNICO.- Outogar as seguintes puntuacións finais :

1.- Patricia Merino Mouriño ***7967** 7,2 oposición + 2 concurso (Curso FIP 2008/3607 formación ocupacional 0,50, formación ocupacional 2009/253 0,50 , formación ocupacional 2010/3990 e 2009/860 0,50) **TOTAL= 9,2**

2.- Lara Francisca Portoles Argüelles ***6632** 6,8 oposición + 1,5 concurso(formación para emprego 7014-c1/10 Plan intersectorial formación profesional para emprego para traballadores ocupados Patrimonio cultural e planeamento urbanístico 0,50+Herramientas xestión Patrimonio cultural 0,50+ Cruz Roja Monitor Sociocultural formación profesional para emprego adverte Secretaria que este título non é un certificado de administración pública polo que non está conforme coa súa valoración 0,50) **TOTAL= 8,3**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

3.- Miguel Angel Mateos Carreira ***1720** 6 oposición +1,50 concurso (2014/2416 acción formativa traballadores desempregados 0,50 , 2014/2418 0,50+diploma libro 88 páxina 4 asento 197312 dirección xeral de formación e colocación) **TOTAL= 7,50**

4.- Borja Arias Mas ***5617**/ 6,8 oposición +0 concurso (non presenta acreditación de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas)**TOTAL= 7,2**

5.- José Javier Fuentes Rial ***6014** 6 puntos +0 concurso (non presenta acreditación de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas)**TOTAL= 6**

6.- Lucía Carreira Pazos ***9190**/ 5,6 puntos + 0 concurso (non presenta acreditación de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas)**TOTAL= 5,6**

O Tribunal por maioría **ACORDOU:**

UNICO .- Proponer ó Alcalde a contratación de Patricia Merino Mouriño ***7967** como auxiliar de biblioteca formando bolsa cós seguintes aspirantes pola orde indicada cós aspirantes que superaron o proceso selectivo pero non obtiveron praza ordeados de maior a menor puntuación :

1.- Lara Francisca Portoles Argüelles ***6632** 6,8 oposición + 1,5 concurso(formación para emprego 7014-c1/10 Plan intersectorial formación profesional para emprego para traballadores ocupados Patrimonio cultural e planeamento urbanístico 0,50+Herramientas xestión Patrimonio cultural 0,50+ Cruz Roja Monitor Sociocultural formación profesional para emprego advirte Secretaria que este título non é un certificado de administración pública polo que non está conforme coa súa valoración 0,50) **TOTAL= 8,3**

2.- Miguel Angel Mateos Carreira ***1720** 6 oposición +1,50 concurso (2014/2416 acción formativa traballadores desempregados 0,50 , 2014/2418 0,50+diploma libro 88 páxina 4 asento 197312 dirección xeral de formación e colocación) **TOTAL= 7,50**

3.- Borja Arias Mas ***5617**/ 6,8 oposición +0 concurso (non presenta acreditación de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas)**TOTAL= 7,2**

4.- José Javier Fuentes Rial ***6014** 6 puntos +0 concurso (non presenta acreditación de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas)**TOTAL= 6**

5.- Lucía Carreira Pazos ***9190**/ 5,6 puntos + 0 concurso (non presenta acreditación de ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas)**TOTAL= 5,6**

SEGUNDO.- Publíquese este acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal do Concello de Arzúa aos efectos oportunos así como trasládese proposta de contratación ó Alcalde para continuación do procedemento .

Polo Presidente sendo as 10:24 horas levántase esta sesión, de todo o que como Secretaria dou fe, remitíndose a acta para sinatura do visto bo do Presidente e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :

A Secretaria: D^a. Rebeca Vázquez Vázquez (Secretaria do Concello de Arzúa)

Presidente:

Titular:Ramón Torreiro González

Vogais:

Titular: Mercedes Costoya Cortés Técnica Biblioteca do Concello de Vilansantar.

Titular: Santiago Eiris Pombo Técnico Biblioteca do Concello de Ames

Titular María José Lage Vázquez *Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Arzúa*”

Vista a solicitude da alcaldía de data 07/08/2023, para remitir á intervención municipal un informe fiscalización previa limitada do expediente conforme as bases de execución

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

do orzamento municipal 2023 en relación coa proposta de contratación recollida en dita acta , propoñendo a:

Patricia Merino Mouriño

Visto informe de fiscalización de intervención de data 08/08/2023

Visto o decreto n.º 560/2023 de data 08/08/2023 ,de proposta de contratación e requerimento de documentación (certificado médico) a Patricia Merino Mourino.e visto que entregou a documentación en forma e prazo.

Vista a alegación presentada o día 08/08/2023 por Lara Francisca Portoles Argüelles onde solicita: “Revisión da avaliación recibida na fase de concurso. Nas bases publicadas n o BOP núm. 124, do 30 de xuño de 2023 pódese ler: “Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas : 0,50 puntos por cada programa, ata un máximo de 2 puntos”. O tribunal non valorou o certificado de participación no programa financiado pola administración pública autonómica “Curso de linguaxe administrativa galega de nivel medio en liña (de 75 horas)” orientado directamente ao traballo nas administracións públicas de Galicia. Considero que este curso cumpre os requisitos para ser valorado na fase de concurso.

Considerando que o tribunal non valora o “Curso de linguaxe administrativa galega de nivel medio en liña (de 75 horas)” por entender que se trata de formación transversal e complementaria , e non como formación profesional, xa que non se trata dunha titulación que habilite para o desenvolvemento dun traballo ou profesión por si sóla.

*Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local **RESOLVO:***

PRIMEIRO: *Desestimar a alegación presentada por Lara Francisca Portoles Argüelles ,motivando a desestimación no exposto nos considerandos deste decreto.*

SEGUNDO: *Contratar como auxiliar de biblioteca a Patricia Merino Mouriño por xornada de 25 horas semanais durante o período de 3 meses cun salario mensual de 1048,45€ incluíndo prorratas pagas extraordinarias,*

TERCEIRO: *Formar a bolsa cós seguintes aspirantes pola orde indicada que superaron o proceso selectivo pero non obtiveron praza ordeados de maior a menor puntuación vixente ata o 31/12/2023 :*

*1.- Lara Francisca Portoles Argüelles ***6632** TOTAL= 8,3 ptos*

*2.- Miguel Angel Mateos Carreira ***1720** TOTAL= 7,50 ptos*

*3.- Borja Arias Mas ***5617**/ TOTAL= 7,2 ptos*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

- 4.- José Javier Fuentes Rial ***6014**TOTAL= 6 ptos
5.- Lucía Carreira Pazos ***9190**/TOTAL= 5,6 ptos

CUARTO: *Notificar éste decreto á interesada , así como ao departamento de persoal para a preparación da sinatura do contrato (contrato para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral vinculado a programa de activación para o emprego (Disposición adicional novena do Texto refundido do estatuto dos traballadores Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, en relación coa Lei 3/2023, de 28 de febrero, de emprego) e alta na Seguridade Social*

QUINTO: *Publicar éste decreto no Taboleiro de anuncios do Concello na sede electrónica municipal*

ARZÚA, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

*O Alcalde – Presidente
Asdo.- XOAN XESUS CARRIL RAMOS
VÁZQUEZ >>*

*Dou fe, a secretaria
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ*

RECURSOS:

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro). Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

A secretaria

Asdo.- Dna. Rebeca Vázquez Vázquez